



O autor acompañado pola súa obra

LUIS POLO

LITERATURA

José Luis Graña presentou en Pontedeume a novela "Converxencia na cor vermella"

■ O escritor ferrolán José Luis Graña presentou onte na biblioteca municipal de Pontedeume a súa primeira novela, "Converxencia na cor vermella". Unha obra na que o autor viaxa no tempo cara á época da reconversión naval da súa cidade natal e sitúa ao lector no barrio de Esteiro. Graña, que na actualidade compaxina a súa labor literaria coa de mestre de lingua e literatura a alumnos de Educación Secundaria, xa tiña publicado con anterioridade o libro "Cerdido: Lingua e outras realidades".